

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 14 de setembro de 2017**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

**Invitados**

D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día catorce de setembro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(951).- RATIFICACION DA URXENCIA**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(952).- PROPOSTA DE INICIO DE PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 9772/446.**

Dáse conta do informe-proposta do 13/09/17, da xefa do servizo de Contratación, conformado polo concelleiro-delegado de área:

**"NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPA).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo (PPT).

## ANTECEDENTES

En data 1 de setembro de 2017, o xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, informa da necesidade de proceder á modificación do contrato de servizo de conservación e reposición das zonas verdes da cidade de Vigo, por causa da incorporación de novas zonas e modificación das superficies das existentes.

É preciso comezar realizando unha relación fáctica, por orde cronolóxico, dos antecedentes máis relevantes deste procedemento de licitación:

**Primeiro.-** En data 26 de setembro de 2014, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) adoptou o seguinte acordo:

“1º Aproba-lo gasto (...).

2º Aproba-lo expediente de Servizos de Conservación e Reposición das Zonas Verdes da Cidade de Vigo que contén o Prego de Prescricións Técnicas particulares de data 01/09/2014 e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 15/09/2014.

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

**Segundo.-** En data 6 de agosto de 2015, a XGL acordou a adxudicación deste procedemento a ALTHENIA, S.L. O contrato formalizouse o día 28 de agosto de 2015, e comezou a súa execución o día 1 de setembro do mesmo ano.

**Terceiro.-** En data 19 de agosto de 2015, D. Pablo Pérez Serrano, en nome e representación de VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., interpón recurso especial en materia de contratación contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 31 de xullo de 2015 na que se acorda excluír a súa representada do procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non xustifica-los mesmos.

En data 5 de outubro de 2015, o TACRC, en resolución nº 901/2015, acorda estimar o recurso.

**Cuarto.-** En data 30 de outubro de 2015, a mercantil CESP, S.A., presentou escrito de interposición de recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, contra o acordo da mesa de contratación de data 31 de xullo de 2015 e a resolución da XGL da mesma data, nas que exclúeselle do citado procedemento. Este recurso foi admitido a trámite por decreto de data 20 de novembro do mesmo ano e na actualidade está acumulado o recurso contencioso-administrativo que se relaciona no antecedente seguinte e pendente de resolución.

**Quinto.-** En data 11 de decembro de 2015, a XGL acordou “Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución 901/2015 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, perante o Tribunal Superior de Xustiza, solicitando a adopción da medida cautelar de suspensión da execución da citada resolución”. No escrito anunciando o recurso solicitouse a adopción da medida cautelar de suspensión.

Interposto ó recurso, este é admitido a trámite en resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 11 de xaneiro de 2016.

**Sexto.-** En data 7 de marzo de 2016, o TSJG acorda a denegación da medida cautelar de suspensión solicitada polo Concello (antecedente quinto).

En data 14 de marzo de 2016 deuse conta á Mesa de contratación desta resolución; e a efectos do seu cumprimento, e para determinar as actuacións a seguir, esta solicitou senllos informes ao xefe do servizo xestor, Montes, parques e xardíns, e á xefa do servizo de Contratación. Ambos informes foron evacuados en data 16 de marzo de 2016.

En data 16 de marzo de 2016, dáse conta á Mesa de contratación dos citados informes e procédese á retroacción do procedemento.

En data 16 de marzo de 2016, a Mesa de contratación acepta o informe do xefe do servizo de Montes, parques e xardíns, de valoración dos criterios valorables a través de fórmula.

**Sétimo.-** En data 15 de abril de 2016, a XGL adoptou o acordo de clasificación de ofertas neste procedemento e acordou requirirle a documentación prevista no artigo 151 do TRLCSP ao primeiro clasificado, VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.

**Oitavo.-** En data 8 de xullo de 2016, a XGL acordou adxudicar a VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., o citado procedemento por un prezo de 17.237.394, 62 €. Acordo que foi notificado aos licitadores nesa mesma data.

**Noveno.-** En data 28 de xullo de 2016, D. Luís Sánchez-Pobre Murillo, en nome e representación de ALTHENIA, S.L., interpón recurso especial en materia de contratación contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 31 de xullo de 2015 na que se acorda adxudicar a VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A, o procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo.

**Décimo.-** En data 14 de outubro de 2016, o TACRC, en resolución nº 813/2016, acordou desestimar o recurso citado no antecedente anterior.

**Undécimo.-** En data 2 de decembro de 2016, formalizouse o contrato con VALORIZA e comezou a súa execución en data 16 de decembro de 2016.

**Duodécimo.-** En data 28 de febreiro de 2017, a XGL acordou a modificación do contrato nos seguintes termos:

*“1º.- Modificar o contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo nos termos reflectidos no informe do enxeñeiro municipal de data 13 de xaneiro de 2017. A modificación representa un 5,08 % do prezo primitivo do contrato, se ben so abonarase ao contratista o 0,08% da mesma, segundo o disposto no apartado 16.E da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación consonte ao seguinte cadro:*

<b>Ano de aplicación</b>	<b>Período</b>	<b>Importe</b>	<b>% adxudicación do prezo do contrato</b>
Ano 2017	Do 1 de marzo a 31 de decembro	3.087,19 €	0,0179
Ano 2018	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	3.704,64 €	0,0214
Año 2019	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	3.704,64 €	0,0214
Año 2020	Do 1 de xaneiro a 15de decembro	3.550,27 €	0,0205
<b>Total</b>		<b>14.046,75 €</b>	<b>0,0812</b>

*Este gasto imputarase a aplicación presupostaria 1710-2279901.*

*3º.- Reaxustar a garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.*

*4º.- Formalizar por escrito a presente modificación, incorporando o informe técnico do enxeñeiro municipal de data 13 de xaneiro de 2017, e os seus anexos que delimitan o seu alcance”.*

**Décimo terceiro.-** En data 16 de marzo de 2017, o TSXG dita a sentenza nº 121/2017 resolvendo o recurso contencioso-administrativo citado no antecedente quinto, estimando o mesmo e anulando a citada resolución 901/2015 do TACRC, que queda sen efecto. A execución da mesma supón a retroacción do procedemento ao momento anterior ao cumprimento da resolución 901/2015 do TACRC, continuando ALTHENIA coa execución do contrato.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

### **Lexislación aplicable**

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta modificación. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados

(disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

-II-

### **Da modificación dos contratos**

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación so poderá modificar os contratos cando así se previu nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).

É dicir, a lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analizar os mesmos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ó redactar as mesmas. Así evítase conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación, principios que atópanse recollidos nos artigos 1 e 139 do TRLCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Por contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 106 TRLCSP):

- Os supostos en que poderá modificarse o contrato. Deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.
- As condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á esixencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.
- O alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar.
- O procedemento que haxa de seguirse para a modificación.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 16.C da FEC):

- Alteracións producidas na superficie das zonas verdes.
- Incorporación de novas zonas.

Se concorresen estas circunstancias, poderán modificarse os seguintes aspectos do contrato (apartado 16.B da FEC):

- Diminución ou incremento das zonas verdes obxecto deste contrato.

Se ben se establece como límite á modificación que non poderá superar o 10% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 16.D da FEC).

Respecto ó procedemento a seguir en caso de modificación, prevénse as seguintes especialidades (apartado 16.E da FEC):

- O incremento da superficie das zonas verdes cuxo mantemento é obxecto deste contrato inferior ó 5 % do prezo de adxudicación, non afectará ó prezo do contrato segundo o disposto no apartado 3.1 do prego de Bases Técnicas. Se os incrementos, illada ou conxuntamente, superan esta porcentaxe se incrementará en proporción o prezo do contrato pero excluindo sempre o 5% exento de pago.
- Para calcular o valor da modificación se aplicará á superficie da zona a incrementar ou diminuír o prezo unitario correspondente dos previstos no apartado 3.F desta FEC ó que se aplicará a porcentaxe de baixa do prezo ofertado polo adxudicatario respecto do prezo do contrato fixado no apartado 3.A.
- En caso de incremento de zonas verdes, poderá modificarse o contrato sen que o seu prezo experimente variación mediante a reorganización do servizo, variando outros aspectos tales como a frecuencia de mantemento, a intensidade, o cambio de tipoloxía da zona, etc.

No presente caso a modificación ven motivada porque producíronse modificacións nas superficies das zonas verdes cuxo mantemento está comprendido no obxecto do contrato, tanto incrementos como diminución das mesmas.

No entanto, é preciso ter en conta ademais, que este contrato foi obxecto de modificación por acordo do órgano de contratación de data 28 de febreiro de 2017. No momento en que foi modificado o mesmo, o adxudicatario era a mercantil VALORIZA. Na actualidade, por mor da sentenza nº 121/2017 do TSXG de 16 de marzo de 2017, tal e como relatouse no antecedente décimo terceiro, o contratista é ALTHENIA. Dado que o prezo que ofertou esta mercantil é superior ao ofertado por VALORIZA, e que esta empresa xa executou 15 meses e 15 días do contrato, resulta preciso axustar a porcentaxe que representa a modificación anterior sobre o prezo do contrato.

Informan ó respecto a xefa do Laboratorio e o xefe da área de Servizos Xerais, en data 13 de setembro de 2017, o seguinte:

“No período transcorrido desde a redacción e inventariado das zonas obxecto do contrato e o inicio da prestación dos servizos por parte da Empresa Althenia (Setembro 2015) produxéronse alteracións no listado de zonas por:

- Modificacións nas superficie inventariadas.
- Incorporación de novas zonas verdes.
- Retirada de zonas deportivas incluídas no prego (Acordo Xunta Goberno Local 22/01/2016).

Alteracións que non puideron ser recollidas no seu día debido aos recursos interpostos ante diferentes tribunais que ocasionaron a anulación do contrato e, polo tanto, a imposibilidade de modificalo. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 8 de xullo de 2016, en base a unha sentenza xudicial, acorda adxudicar á empresa VALORIZA Servicios Medioambientales, SA, o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo. Tras este acordo, tramítase un expediente de ampliación do contrato de conservación, mantemento e reposición das zonas verdes da cidade de Vigo, tratando de actualizar o inventario das mesmas, a fin de que todas sexan obxecto de mantemento e conservación; ampliación que foi aprobada pola Xunta de Goberno local, na súa sesión de data 28 de febreiro de 2017 e que supuxo, segundo a súa oferta, un total dun 5,361% do prezo de adxudicación do contrato e, polo tanto, unha porcentaxe imputable ao Concello do 0,36%.

Tras a última sentenza xudicial, ALTHENIA, S.L., terá que continuar coa prestación dos servizos incluídos no contrato de conservación e mantemento das zonas verdes que foi interrompido con data 16/12/2016, polo que será necesaria unha nova valoración desa primeira ampliación segundo os prezos ofertados por esta empresa.

Con motivo de obra nova, ampliacións, humanizacións, reformas, recepcións de urbanizacións, adquisicións de todo tipo, ou calquera outro, as superficies das zonas verdes de actuación municipal están sometidas a cambios de forma continuada, de maneira que dende a data na que se aprobou a primeira modificación do contrato, as superficies das zonas verdes no termo municipal de Vigo sufriron novos cambios (ampliación/detracción de áreas xa inventariadas, desaparición doutras, novas humanizacións, etc) que obrigan a unha nova actualización do inventario para poder manter aquelas zonas que na actualidade carecen de programa de mantemento, podendo sufrir deterioros importantes que dean lugar a unha merma do patrimonio municipal.

Tendo en conta que, a partir do 1 de outubro de 2017, será Althenia, S.L., a empresa que, en base a unha sentenza do Tribunal Superior de Galicia, reanude o seu contrato, interrompido con data 16 de decembro de 2016, para a prestación dos servizos de mantemento, conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo durante os 32,5 meses que lle restan ata completar os catro anos de duración do contrato, é necesaria unha nova actualización do inventario de zonas verdes para que todas as zonas verdes do termo municipal de Vigo conten con labores de conservación e mantemento que garantan a conservación do patrimonio municipal. Isto obriga a tramitación dun novo expediente de ampliación que terá que aprobar a Xunta de Goberno Local e que incluírá unha nova proposta de ampliación con aquelas zonas que sufriron modificacións desde a aprobación da primeira ampliación, á que se sumará a nova valoración desa primeira ampliación segundo a oferta presentada pola empresa Althenia, S.L.

## **1.- ACTUALIZACIÓN DA VALORACIÓN ECONÓMICA DA PRIMEIRA AMPLIACIÓN APROBADA EN XGL (Expte. 9151/446)**

As alteracións contempladas nesa primeira ampliación desglósanse na seguinte táboa:

<b>Zonas Verdes</b>	<b>Superficies incluídas na adxudicación</b>	<b>Superficies totais trala incorporación das ampliacións/detraccións</b>	<b>Modificación das superficies</b>
Tipoloxía A (Has)	4,7047	4,7631	0,0584
Tipoloxía B (Has)	53,1968	53,7594	0,5626
Tipoloxía C (Has)	76,5240	75,1386	-1,3854

Zonas Verdes	Superficies incluidas na adxudicación	Superficies totais trala incorporación das ampliacións/detraccións	Modificación das superficies
Tipoloxía E (Has)	14,0938	16,1112	2,0174
Tipoloxía D(Has)	12,6446	12,8661	0,2215
Tipoloxía R (Has) Rotondas e Illas	8,3553	9,1197	0,7644
Tipoloxía H (Has) Humedais e zonas de ribeira	14,1794	14,1685	-0,0109
Tipoloxía PF (Has) Parques Forestais	83,7814	84,5887	0,8073
Arbolado. (unidades)	10.930,0000	11.034,0000	104,0000
Xardiñeiras (m <sup>2</sup> )	5.102,6700	7.017,3000	1.914,6300
Xardiñeiras colgantes (unidades)	243,0000	160,0000	-83,0000
Xardiñeiras individuais (unidades)	167,0000	167,0000	0,0000
Campos Deportivos (m <sup>2</sup> )	11.085,3400	0,0000	-11.085,3400

O importe da adxudicación de Althenia, S.L é de 17.894.105,96 (IVE incluído) o que supón unha baixa do 26,19%, deixando os prezos unitarios da seguinte forma:

Zonas Verdes	Precio Unitario (€/ano)	Baixa Adxudicación	Precio Unitario Vixente (€/ano)
Tipoloxía A (Has)	30.000,00	26,19%	22.143,00
Tipoloxía B (Has)	25.000,00	26,19%	18.452,50
Tipoloxía C (Has)	17.700,00	26,19%	13.064,37
Tipoloxía E (Has)	10.700,00	26,19%	7.897,67
Tipoloxía D(Has)	10.100,00	26,19%	7.454,81
Tipoloxía R (Has) Rotondas e Illas	30.000,00	26,19%	22.143,00
Tipoloxía H (Has) Humedais e zonas de ribeira	10.700,00	26,19%	7.897,67
Tipoloxía PF (Has) Parques Forestais	3.700,00	26,19%	2.730,97
Arbolado. (unidades)	113,00	26,19%	83,41
Xardiñeiras (m <sup>2</sup> )	175,00	26,19%	129,17
Xardiñeiras colgantes (unidades)	150,00	26,19%	110,72



Zonas Verdes	Precio Unitario (€/ano)	Baixa Adjudicación	Precio Unitario Vixente (€/ano)
Xardiñeiras individuais (unidades)	150,00	26,19%	110,72
Campos Deportivos (m2)	4,55	26,19%	3,36

Aplicando estes prezos unitarios, os importes correspondentes as superficies modificadas son:

Zonas Verdes	Superficies	Precio Unitario	Importe anual
Tipoloxía A (Has)	0,0584	22143,00	1.293,15
Tipoloxía B (Has)	0,5626	18452,50	10.381,38
Tipoloxía C (Has)	-1,3854	13064,37	-18.099,38
Tipoloxía E (Has)	2,0174	7897,67	15.932,76
Tipoloxía D (Has)	0,2215	7.454,81	1.651,24
Tipoloxía R (Has) Rotondas e Illas	0,76	22.143,00	16.926,11
Tipoloxía H (Has) Humedais e zonas de ribeira	-0,0109	7897,67	-86,08
Tipoloxía PF (Has) Parques Forestais	0,8073	2.730,97	2.204,71
Arbolado. (unidades)	104,0000	83,41	8.674,15
Xardiñeiras (m <sup>2</sup> )	1914,6300	129,17	247.307,97
Xardiñeiras colgantes (unidades)	-83,0000	110,72	-9.189,35
Xardiñeiras individuais (unidades)	0,0000	110,72	0,00
Campos Deportivos (m2)	-11085,34	3,36	-37.228,51
<b>Importe total da primeira ampliación</b>			<b>239.768,15</b>

O importe económico resultado das modificacións de superficie desta primeira ampliación é de 239.768,15 €/ano e, segundo o apartado 3.1 do prego de Bases Técnicas, o 5 % do prezo de adjudicación (894.705,30€/total contrato), non afectará ó prezo do contrato. Polo tanto, os importes económicos que **non se imputarán**, considerando un período de 32,5 meses desde a data na que Althenia retomará o contrato (01/10/2017) ata final do mesmo, quedan desglosados como segue:

Año de aplicación	Período	Importe económico (€/ano)
Año 2017	Do 1 de outubro a 31 de decembro	82.588,18

Ano 2018	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	330.352,73
Ano 2019	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	330.352,73
Ano 2020	Do 1 de xaneiro a 15 xuño	151.411,67
<b>Total</b>		<b>894.705,31</b>

Tendo en conta o importe anual de 239.768,15 €/ano calculado para as superficies de zonas verdes modificadas na primeira ampliación, os importes imputables por períodos suporía:

Ano de aplicación	Período	Importe económico (€/ano)	% adjudicación do prezo do contrato
Ano 2017	Do 1 de outubro a 31 de decembro	59.942,04	0,3350
Ano 2018	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	239.768,15	1,3399
Ano 2019	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	239.768,15	1,3399
Ano 2020	Do 1 de xaneiro a 15 xuño	109.893,73	0,6141
<b>Total</b>		<b>649.372,07</b>	<b>3,6289</b>

A porcentaxe da modificación (3,63%) non supera o 5% do prezo do contrato, polo que esta primeira ampliación non suporía custe algún para as arcas municipais, quedando un total de 245.333,21 € a aplicar sen custes.

## 2.- PROPOSTA DE VALORACIÓN ECONÓMICA DA SEGUNDA AMPLIACIÓN

As zonas ampliadas e/ou detraídas, respecto ao listado definitivo incluído no expediente da primeira ampliación, detállanse a continuación:

Zonas Verdes	Superficies incluídas na adjudicación	Superficies totais trala primeira ampliación	Superficies totais tralas ampliacións/detraccións (2ª ampliación)	Modificación das superficies (2ª ampliación)
Tipoloxía A (Has)	4,7047	4,7631	4,7631	0,0000
Tipoloxía B (Has)	53,1968	53,7594	53,8063	0,0469
Tipoloxía C (Has)	76,5240	75,1386	75,1463	0,0077
Tipoloxía E (Has)	14,0938	16,1112	16,0512	-0,0600
Tipoloxía D (Has)	12,6446	12,8661	12,0972	-0,7689

Tipoloxía R (Has) Rotondas e Illas	8,3553	9,1197	9,1454	0,0257
Tipoloxía H (Has) Humedais e zonas de ribeira	14,1794	14,1685	14,6880	0,5195
Tipoloxía PF (Has) Parques Forestais	83,7814	84,5887	85,7086	1,1199
Arbolado. (unidades)	10.930,0000	11.034,0000	11.157,0000	123,0000
Xardiñeiras (m <sup>2</sup> )	5.102,6700	7.017,3000	8.241,1700	1.223,8700
Xardiñeiras colgantes (unidades)	243,0000	160,0000	160,0000	0,0000
Xardiñeiras individuais (unidades)	167,0000	167,0000	185,0000	18,0000
Campos Deportivos (m2)	11.085,3400	0,0000	0,0000	0,0000

Aplicando os prezos unitarios ofertados por Althenia, os importes correspondentes as superficies modificadas son:

Zonas Verdes	Superficies	Precio Unitario	Importe anual
Tipoloxía A (Has)	0,0000	22.143,00	0,00
Tipoloxía B (Has)	0,0469	18.452,50	865,42
Tipoloxía C (Has)	0,0077	13.064,37	100,63
Tipoloxía E (Has)	-0,0600	7.897,67	-473,86
Tipoloxía D (Has)	-0,7689	7.454,81	-5.732,00
Tipoloxía R (Has) Rotondas e Illas	0,0257	22.143,00	569,08
Tipoloxía H (Has) Humedais e zonas de ribeira	0,5195	7897,67	4.102,84
Tipoloxía PF (Has) Parques Forestais	1,1199	2730,97	3.058,41
Arbolado. (unidades)	123,0000	83,41	10.259,43
Xardiñeiras (m <sup>2</sup> )	1223,8700	129,17	158.087,29
Xardiñeiras colgantes (unidades)	0,0000	110,72	0,00
Xardiñeiras individuais	18,0000	110,72	1.992,96

Zonas Verdes	Superficies	Precio Unitario	Importe anual
(unidades)			
Campos Deportivos (m2)	0	3,36	0,00
<b>Importe total da segunda ampliación</b>			<b>172.830,20</b>

O importe económico resultado das modificacións de superficie desta segunda ampliación é de 172.830,20 €/ano, sendo os importes imputables por períodos :

Ano de aplicación	Período	Importe económico (€/ano)	% adxudicación do prezo do contrato
Ano 2017	Do 1 de outubro a 31 de decembro	43.207,55	0,2415
Ano 2018	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	172.830,20	0,9658
Ano 2019	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	172.830,20	0,9658
Ano 2020	Do 1 de xaneiro a 15 xuño	79.213,84	0,4427
<b>Total</b>		<b>468.081,79</b>	<b>2,6158</b>

A porcentaxe desta segunda modificación (2,62%) non supera o 5% do prezo do contrato, pero tendo en conta que na primeira ampliación xa se consumen un total de 649.372,07 €, a totalidade das dúas ampliacións suma un total de 1.117.453,86 €, superando en 222.748,57 € o valor do 5% que estaría exento de custe algún para as arcas municipais.

O importe económico final imputable será de 222.748,57 € durante os 32,5 meses que restan de contrato, o que equivale a 82.245,62 €/ano, quedando desglosado por períodos:

Ano de aplicación	Período	Importe económico (€/ano)	% adxudicación do prezo do contrato
Ano 2017	Do 1 de outubro a 31 de decembro	20.561,41	0,1149
Ano 2018	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	82.245,62	0,4596
Ano 2019	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	82.245,62	0,4596
Ano 2020	Do 1 de xaneiro a 15 xuño	37.695,92	0,2107
<b>Total</b>		<b>222.748,57</b>	<b>1,2448</b>

Este importe anual pódese cargar á partida 1710 - 2279901”.

Do exposto despréndese que:

- É preciso axustar a porcentaxe da primeira modificación do presente contrato ao prezo ofertado por ALTHENIA e ao prazo restante do contrato, dado que esta empresa xa tiña executado 15 meses e 15 días do mesmo. A porcentaxe da modificación (3,63%) non supera o 5% do prezo do contrato, polo que esta primeira ampliación non suporía custe algún para as arcas municipais. Tendo en conta que o acordo de modificación foi adoptado pola XGL en data 28 de febreiro de 2017, cando o adxudicatario do contrato era VALORIZA é o mesmo supoñía un custe para o concello é preciso axustar a porcentaxe que supón esta modificación (punto 1º do acordo) e deixar sen efecto a autorización do gasto prevista no punto 2º do mesmo.
- A nova modificación proposta acada o 2,62% do prezo do contrato.
- A totalidade das dúas modificacións acada o 6,25 % do prezo do contrato, un total de 1.117.453,86 €. Atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación do mesmo, que é do 10% do seu prezo, segundo o disposto no apartado 16.D da FEC. Tal e como dispón o apartado 16.E da FEC “O incremento da superficie das zonas verdes cuxo mantemento é obxecto deste contrato inferior ó 5 % do prezo de adxudicación, non afectará ó prezo do contrato segundo o disposto no apartado 3.1 do prego de Bases Técnicas. Se os incrementos, illada ou conxuntamente, superan esta porcentaxe se incrementará en proporción o prezo do contrato pero excluindo sempre o 5% exento de pago”. Para calcular o valor da modificación, de acordo co apartado 16.E da FEC, aplicouse á superficie da zona a incrementar ou diminuír o prezo unitario correspondente dos previstos no apartado 3.F desta FEC, previa aplicación ó mesmo da porcentaxe de baixa do prezo ofertado polo adxudicatario respecto do prezo do contrato fixado no apartado 3.A. A modificación total supera en 1,25% a porcentaxe exenta de custe para as arcas municipais, polo que o Concello deberá aboar ó contratista un importe de 222.748,57 €.

-III-

### **Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato**

A potestade de modificación unilateral da Administración o ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación regulado no mesmo.
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ó contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso evacuar trámite de audiencia ó contratista. Non é preciso solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto a modificación é

dun 2,62 % do prezo primitivo do contrato, e sumada a primeira modificación (3,63% do prezo) resulta unha porcentaxe total de modificación de 6,25 %.

Respecto dos límites materiais, ponse de releve que a modificación obedece a unha razón de interese público: prover o mantemento das zonas verdes de nova creación, ou cuxa superficie resultou incrementada. O mantemento das zonas verdes e os parques forestais é unha competencia municipal obrigatoria en virtude do disposto nos artigos 25.2.b e 26.1.b da LBRL e 80.2.d e 81.b da LALGA.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar o contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. No entanto, e tal e como se desprende do informe do enxeñeiro municipal transcrito no fundamento xurídico anterior, a Administración ten que compensar o contratista pola modificación proposta ata 5% do prezo do contrato, en virtude do disposto no apartado 16.E da FEC, polo que procedería aboarlle unicamente un 1,25% do prezo da modificación proposta.

Unha vez evacuado o trámite de audiencia, formularase proposta sobre a presente modificación ó órgano de contratación. A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 35.1.a LPAC) e será precisa a súa formalización, así como o reaxuste da garantía definitiva.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

#### **-IV-**

#### **Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación**

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, que é un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

#### **-V-**

#### **Competencia**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- Iniciar procedemento para a modificación do contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo. As modificacións están reflectidas no informe da xefa do Laboratorio e o xefe de área de servizos xerais de data 13 de setembro de 2017, que se reproduce no fundamento xurídico segundo do presente informe con excepción das táboas que detallan as zonas afectadas.*

*2º.- A modificación representa un 2,62 % do prezo primitivo do contrato, se ben so abonarase o contratista o 1,25% da mesma, segundo o disposto no apartado 16.E da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*3º.- Rectificar no punto 1 do acordo da XGL de 28 de febreiro de 2017 de modificación deste contrato a porcentaxe que sobre o prezo do contrato representa a mesma, substituíndo no punto 1º “5,08 %” por “3,63 %”.*

*4º.- Deixar sen efecto o punto 2 do acordo da XGL de 28 de febreiro de 2017 de modificación deste contrato, relativo a autorización do gasto correspondente á modificación.*

*5º.- Evacuar trámite de audiencia do presente acordo ó contratista, por prazo de dez días, para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan”.*

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(953).- PROPOSTA DE ESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR "EVENTOS Y SERVICIOS NORTE, S.L.", NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS AUXILIARES PARA O FUNCIONAMENTO DUN AULA DE ESTUDIO NO EDIFICIO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS. EXPTE. 18664/332.**

Dáse conta do informe-proposta do 13/09/17, da xefa do servizo de Contratación, conformado polo concelleiro-delegado de área:

#### **"NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil (CC).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos (PPT).

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante procedemento aberto dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos (PCAP).

#### **ANTECEDENTES DE FEITO:**

**Primeiro.-** En data 19 de xuño de 2017, a Xunta de Goberno Local, aprobou o expediente de contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos, os pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares, aprobou o gasto e acordou a apertura do procedemento de contratación.

A licitación foi obxecto de publicación nos seguintes medios:

- No perfil de contratante, en data 23 de xuño de 2017.
- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en data 29 de xuño de 2017.
- No Diario Oficial de Galicia, en data 30 de xuño de 2017.

Iniciándose o prazo de presentación de ofertas o día 30 de xuño de 2017 e rematando o día 19 de xullo do mesmo ano.

Durante o mesmo presentaron ofertas as seguintes mercantís:

1. ATLAS SERVICIOS EMPRESARIALES SA
2. EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO S A
3. EVENTOS Y SERVICIOS NORTE SL
4. ESC SERVICIOS GENERALES SL
5. PONTE DAS DONAS
6. MANTELNOR OUTSOURCING S.L
7. SERVICIOS SECURITAS S A
8. VALORIZA FACILITIES, S.A.U.
9. INTEGRA MXSI CEE, S.L.
10. SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL).
11. ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.

**Segundo.-** En data 26 de xullo de 2017 a Mesa de contratación do Concello de Vigo procedeu á apertura do “sobre A: documentación persoal”, admitiendo a todos los licitadores presentados.

Na mesma sesión abriuse o sobre B “Documentación Técnica” do procedemento de referencia e solicitouse informe de valoración ao servizo xestor, Educación. O mesmo, de data 1 de agosto, foi entregado á mesa na sesión do 2 de agosto, que o acepta.

**Terceiro.-** En data 3 de agosto de 2017, a Mesa de contratación procedeu á apertura do “sobre C: proposición avaliable mediante fórmula” e acordou solicitar informe de valoración da mesma á xefa do servizo de Educación. Este informe foi emitido en data 3 de agosto de 2017 e no mesmoponse de manifesto a existencia de varias ofertas con valores anormais ou desproporcionados, en concreto as seguintes:

- EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A.
- EVENTOS Y SERVICIOS NORTE, S.L.
- INTEGRA MXSI CEE, S.L.
- SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL)



**Cuarto.-** En data 7 de agosto de 2017, a mesa de contratación, á vista do citado informe, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP coas citadas empresas por conter as súas oferta valores anormais ou desproporcionados, concedéndolle un prazo de tres días para xustificar a viabilidade das mesmas.

Ao servizo de Contratación foi remitida polo Rexistro Xeral unha única xustificación, a presentada por INTEGRÁ MXSI CEE, S.L., o día 10 de agosto, dándose traslado da mesma nesa mesma data á xefa do servizo de Educación, que emite informe sobre a mesma o 29 de agosto.

**Quinto.-** En data 31 de agosto de 2017, a Mesa de Contratación do Concello de Vigo formulou proposta á Xunta de Goberno Local de exclusión de todas as ofertas con valores anormais ou desproporcionados, a de INTEGRÁ MXSI CEE, S.L., por non resultar debidamente acreditados os valores anormais na xustificación achegada e o resto por non presentar xustificación. Así mesmo, na mesma sesión formulouse proposta de clasificación de licitadores por orde descendente. Ambas propostas foron aprobadas pola Xunta de Goberno, na sesión celebrada o 7 de setembro de 2017. Este acordo foi notificado aos interesados o día 12 de setembro de 2017.

**Sexto.-** En data 13 de setembro de 2017, a empresa EVENTOS Y SERVICIOS NORTE, S.L., achega mediante correo electrónico o xustificante de presentación no rexistro electrónico do CONCELLO DE VIGO da xustificación da oferta económica o día 8 de agosto de 2017. Comprobouse polo servizo de Contratación que dita documentación foi presentada con número de documento 170110973 no Rexistro electrónico deste concello o cal a remitiu nesa data ó servizo de Educación.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

**-I-**

### **Obxecto do recurso de reposición**

É obxecto da presente impugnación o acordo adoptado pola Xunta de Goberno do Concello de Vigo, na sesión celebrada o día 7 de setembro de 2017, de exclusión da oferta de EVENTOS Y SERVICIOS NORTE, S.L., por non ter presentado xustificación dos valores anormais ou desproporcionados.

**-II-**

### **Examen de la concurrencia de los requisitos exigidos por la ley para la admisión del recurso**

O recurso de reposición é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa (artigo 112.1 LPAC).

É preciso, en primeiro lugar, analizar si concorren no presente recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a admisión do mesmo, ou pola contra, concorre unha causa de inadmisión.

Son causas de inadmisión dos recursos administrativos (artigo 116 LPAC):

- a) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración Pública.

- b) Carecer de lexitimación o recorrente.
- c) Tratarse dun acto non susceptible de recurso.
- d) Transcorrer o prazo para a interposición do recurso.
- e) Carecer o recurso manifestamente de fundamento.

En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles de recurso de reposición os actos que poñan fin á vía administrativa (artigo 123.1 LPAC), sendo tales (artigo 114 LPAC):

- a) As resolucións dos recursos de alzada.
- b) As resolucións dos procedementos de impugnación a que se refire o artigo 112.2.
- c) As resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico, salvo que unha Lei estableza o contrario.
- d) Os acordos, pactos, convenios ou contratos que teñan a consideración de finalizadores do procedemento.
- e) A resolución administrativa dos procedementos de responsabilidade patrimonial, calquera que fose o tipo de relación, pública ou privada, de que derive.
- f) A resolución dos procedementos complementarios en materia sancionadora aos que se refire o artigo 90.4.
- g) As demais resolucións de órganos administrativos cando unha disposición legal ou regulamentaria así o estableza.

Así mesmo, o recurso deberá fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da LPAC (artigo 112.1 LPAC).

Son nulos de pleno dereito os seguintes actos administrativos (artigo 47.1 LPAC):

- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.
- c) Os que teñan un contido imposible.
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta.
- e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para o seu adquisición.
- g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal.

Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder (artigo 48.1 LPAC). Con dúas excepcións:

- O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin, ou de lugar á indefensión dos interesados (artigo 48.2 LPAC).
- A realización de actuacións administrativas fora do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do término ou prazo (artigo 48.3 LPAC).

No caso que nos ocupa, dado que os acordos do órgano de contratación poñen fin á vía administrativa por carecer de superior xerárquico, tratase dun acto recorrible en reposición (artigo 114.c LPAC).

Non concorre no mesmo ningunha das causas de nulidade previstas no artigo 62 da LRJAP, en consecuencia, hai que deducir que o recorrente impugna o acordo amparándose na suposta anulabilidade do mesmo, motivada por un defecto de forma do procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP para a xustificación das ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

En canto aos **requisitos subxectivos**, dado que a lei non establece requisitos especiais para recorrer en reposición, hai que estar as regras xerais en materia de lexitimación. Así, poderá recorrer en reposición calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos víronse prexudicados ou poidan resultar afectados polos actos obxecto de recurso (artigo 4.1.a LPAC). En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación ao recorrente por ser titular de dereitos ou intereses lexítimos na súa calidade de contratista.

Respecto aos **requisitos formais**, a lei determina que o recurso poderá interporse ante o órgano que ditou o acto que se impugna (artigo 123.1 LPAC), e esixe que o escrito de interposición do recurso exprese as seguintes circunstancias (artigo 115.1 LPAC):

- O nome e apelidos do recorrente, así como a identificación persoal do mesmo.
- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- Lugar, data, firma do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinale a efectos de notificacións.
- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe e o seu correspondente código de identificación.
- As demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas.

Circunstancias que concorren no presente caso.

Respecto os **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo para a interposición do recurso de reposición dun mes, se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 124.1 LPAC). Dado que os acordos recorridos son de data 7 de setembro de 2017, e notificáronse ao interesado en data 12 de setembro de 2017, a interposición do recurso de reposición en data 13 de setembro do mesmo ano realizouse en prazo.

Resta analizar se o recurso carece manifestamente de fundamento. Dado que o escrito de recurso está fundamentado, con independencia de que posteriormente se realice unha análise dos motivos de impugnación e poidan desestimarse os mesmos, non procede inadmitir o recurso por este motivo previsto no artigo 116.e da LPAC.

Tendo en conta que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei procede a súa admisión e deberá resolverse sobre o fondo dos mesmos.

### -III-

#### **Tramitación do recurso**

Con relación a tramitación do recurso, a lei se limita a establecer un eventual **trámite de audiencia**, no que os interesados poderán formular alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen procedentes.

Este trámite de audiencia so procederá (artigo 118 LPAC) nos seguintes casos:

- Cando haxan de terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario (artigo 118.1 LPAC).
- Si houbese outros interesados (artigo 118.2 LPAC).

Neste caso non concorre ningunha destas circunstancias, polo que non resulta preciso evacuar o trámite de audiencia.

Con relación a **resolución do recurso**, a lei establece que deberá estimar en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas no mesmo ou ben declarar a súa inadmisión (artigo 119.1 LPAC). O órgano que resolva o recurso decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, expoña o procedemento, sexan ou non alegadas polos interesados. Neste último caso oíráselles previamente. No entanto, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 119.3 LPAC).

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso é dun mes (artigo 124.2 LPAC). Prazo que poderá ampliarse excepcionalmente se concorresen as circunstancias previstas no artigo 21.5 da LPAC (artigo 23.1 LPAC), que non é o caso.

#### -IV-

#### **Motivos de impugnación de la resolución recurrida**

Alega o recorrente que non foi valorada a súa xustificación dos presuntos valores anormais ou desproporcionados da súa oferta.

Comprobase que a xustificación foi presentada durante o prazo concedido ao efecto.

Á vista do exposto, procede estimar as alegacións do recorrente.

En consecuencia, procede estimar o recurso e retrotraer o procedemento ao momento de valoración das ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

#### -V-

#### **Acordo**

O órgano competente para a resolución do recurso de reposición é o órgano que ditou o acto recorrido, a Xunta de Goberno local.

En mérito ó exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

*"1º.- Admitir o recurso de reposición interposto por D. Sergio Boo Valdés, mediante correo electrónico de 13 de setembro de 2017, no procedemento de licitación procedemento aberto dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congreso (expediente 18664-332).*

*2º.- Deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 7 de setembro de 2017, de exclusión de licitadores e de clasificación de licitadores en orde descendente.*

*3º.- Retrotraer o expediente ao momento de valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados".*

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(954).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA PRAZA PEDRO ALVARADO. EXPTE. 9719/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12/09/17, dáse conta do informe-proposta do 09/09/17, do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, conformado polo xefe de área de Servizos Xerais, polo xefe do servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de área:

#### **"ANTECEDENTES DE FEITO**

1.- O Concello de Vigo, en sesión levada a cabo o día 26 de xullo de 2017, aprobou inicialmente o expediente de modificación orzamentaria nº 41/2017, expoñéndose o expediente ao público segundo anuncio publicado no BOP de data 2 de agosto de 2017.

Transcorrido o prazo de exposición, sen que se presentase reclamación algunha, considérase definitivamente aprobada a modificación orzamentaria nº 41/17 (BOP Nº 168, de data 1 de setembro de 2017).

A modificación orzamentaria nº 41/17, Crédito Extraordinario, correspondente ao expediente 44/142, en aplicación do superávit, liquidación do orzamento do ano 2016, contempla a partida 1710.6190020 "Parque Infantil Pedro Alvarado".

2.- Para levar a cabo esta actuación, o concelleiro delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, por resolución de data 12 de xullo de 2017, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto por importe de 6.355,25 euros, para a redacción do proxecto de Acondicionamento da Praza de Pedro Alvarado, a prol da empresa Vilar Montoro Ingeniería, SLP (expte. 9325/446).

3.- O proxecto presentado pola empresa Vilar Montoro Ingeniería, SLP, en cumprimento do contrato, redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas, don Luis Vicente Vilar Montoro, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de CATRO CENTOS NOVENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (499.990,84€) e data agosto 2017.

4.- O xefe da Área de Servizos Xerais, con data 14 de agosto de 2017, informou que o proxecto de Acondicionamento da Praza de Pedro Alvarado presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o concelleiro delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 14 de agosto de 2017, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.

5.- O xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asis. Municipal emitiu informe, en data 28 de agosto de 2017, co seguinte teor literal:

*"A actuación se desenrola nunha praza de uso público sita na rúa Pedro Alvarado e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir.*

– *Inicialmente plantexase o desmontaxe da totalidade de mobiliario existente, bancos, papeleiras, varandas, xogos existentes elementos decorativos e elementos construtivos definidos no proxecto. Unha vez efectuado o desmontaxe dos pavimentos existentes, tanto de corcho como a loseta hidráulica.*

– *A continuación procederase a nivelación do pavimento a base de morteiro con aditos elastómeros, formando as pendentas correspondentes, para a continuación aplicar sistema de impermeabilización a base dunha impermeabilización con previa capa de imprimación e posterior dobre lámina impermeabilizante de betún elastomérico, coas correspondentes*

*xuntas e remates de bordes, sobre dito base colocárase un geotextil de 125 gr /m<sup>2</sup>, para posteriormente executar unha soleira de formigón ( HA-25/B/20/IIa) de 10 cm., de espesor.*

*– Sobre dita soleira de formigón ancorárase as bases dos elementos de xogos a instalar, que constan no proxecto proposto, efectuarase un peche a todo o perímetro como elemento de seguridade, efectuarase un tabique de bloques de formigón nun lateral, e procederase a reparación de fisuras existentes nos paramentos cegos que delimitan o parque.*

*– Como finalización colocárase un pavimento de caucho continuo, e procederase a instalación dos elementos de xogo, e demais amoblamento provisto no proxecto.*

*O prazo estimado para a execución das obras descritas é de TRES meses (...)*

6.- O informe inclúe unha táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto e conclúe que os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse adecuados para a execución do contrato, segundo fai constar o xefe da Área de Servizos Xerais no seu informe de data 17 de agosto de 2017; que a documentación do proxecto considérase completa e que o proxecto toma en consideracións as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos polo “Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos do Sector Público” e polo “Regulamento Xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro” polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 125 do referido Real Decreto Lexislativo.”

#### **CONSIDERACIÓNS DE DEREITO:**

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir un proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro-

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2<sup>a</sup>.3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

Aprobar o proxecto de “ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DE PEDRO ALVARADO”, de data agosto 2017, presentado pola empresa Vilar Montoro Ingeniería, SLP, redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas, don Luis Vicente Vilar Montoro, cuxo orzamento base de licitación, IVE engadido, é de CATRO CENTOS NOVENTA E NOVE MIL NOVECENTOS NOVENTA EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (499.990,84€).”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(955).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NA CONTORNA DO INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE BEADE” E CUSTES ASOCIADOS. EXPTE. 4777/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 11/09/17, dáse conta do informe-proposta de 8/09/17 , asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

**Antecedentes**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de GobExaminadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 11/09/17, dáse conta do informe-proposta de 8/09/17 , asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:erno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican na parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo seguinte a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- Con data 20 de xullo de 2017, os técnicos municipais D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe de xustificación da conveniencia e idoneidade

da actuación de mellora da Rede de Saneamento na contorna do Instituto de Educación Secundaria de Beade; informe á vista do cal o concelleiro delegado da Área de Fomento, por medio de Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 11/09/17, dáse conta do informe-proposta de 8/09/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte: orden de servizo de 7 de agosto seguinte, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local, de 10 de agosto de 2017, no que se acordou «Encomendar á Entidade Concesionaria da Xestión Integral de Abastecemento e Saneamento de Auga Aqualia FCC a redacción do proxecto para a MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NA CONTORNA DO INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE BEADE.

IV.- Con data 1 de setembro de 2017 Aqualia FCC-Vigo UTE presentou o proxecto de obras de referencia, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda, cun presuposto de 79.646,74 euros, IVE excluído, e un prazo de execución de un mes.

V.- Coa mesma data, a Concesionaria presentou tamén o detalle dos custos asociados á actuación (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 2.489,13 Euros, IVE excluído.

VI.- As actuacións obxecto do proxecto consisten substancialmente na instalación de acometida mediante tubería de fundición Ø250, fixada verticalmente a muro existente mediante abrazadeiras e sismeta de anclaxe químico. Así como execución dun tramo de colector de 300 metros de lonxitude con tubería de PVC Ø315 e pozos de rexistro ata conexión con rede de saneamento existente en Rúa do Seixo nº 136.

VII.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Xacobe Paz Salgado, con data de 5 de setembro de 2017, informa o seguinte:

A cuantía do proxecto é inferior a 500.000 euros e a actuación non afecta a estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra, polo que o presente informe ten carácter facultativo. Polo tanto segundo determina o art. 125 do *“Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos do Sector Público”* non é preceptivo o informe de supervisión polo tanto dita supervisión ten carácter facultativo

Os custos unitarios incluídos no proxecto, consideranse adecuados para a execución do contrato, atendendo a o cadro de prezos das unidades de obra que rixe as obras de inversións da Entidade Concesionaria aprobado por XGL de data 22/03/2013

Neste caso a documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos polo *“Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos do Sector Público”* e polo *“Regulamento Xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”* polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 125 do referido Real Decreto Lexislativo.

### **Consideracións Técnicas e Xurídicas**



**Primeira.-** O procedemento para a aprobación do proxecto de obras a que se refire o presente expediente, observou os trámites fixados pola Xunta de Goberno Local, no acordo arriba referido de 8 de marzo de 2013, adoitado para a contratación das obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE.

**Segunda.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**Terceira.-** O proxecto de obras, tal e como resulta do informe do Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos de data 5 de setembro, responde aos obxectivos propostos, comprende unha obra completa e toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto tal e como resulta no informe, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

Polo demais, segundo se especifica no mesmo informe, os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados ao proxecto e axústanse ao cadro de prezos aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 22 de marzo de 2013; os custos asociados á actuación observan ás porcentaxes máximas aprobadas pola Xunta de Goberno Local no acordo de 8 de marzo de 2013.

**Cuarta.-** A aprobación do proxecto, de conformidade co repetido acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de marzo de 2013, sobre “Ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE”, corresponde á Xunta de Goberno Local (apartado III.b).

Polo exposto, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### **ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto técnico para a execución das obras “**Mellora da rede de Saneamento na Contorna do IES de Beade**”, por un importe total de 79.646,74 euros (IVE excluído), e un prazo de execución de 1 mes, con cargo aos compromisos de investimentos asumidos por Aqualia FCC-Vigo UTE na cláusula terceira do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 21 de novembro de 2011, de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada ao seu favor.

**Segundo.-** Aprobar os custos asociados ao proxecto por importe de 2.489,13 euros con exclusión do IVE, segundo o seguinte detalle:

<b>Custo asociado</b>	<b>Responsable do traballo</b>	<b>Honorarios</b>
Redacción de proxecto	SOLTEC INGENIEROS	1.106,28 €
Asistencia técnica á D.O.	SOLTEC INGENIEROS	1.106,28 €
Coordinación de seguridade e saúde	PROYEGAL	276,57 €
	SUMA	2.489,13 €
	11% Gastos de Xestión	273,80 €

	TOTAL (IVE excluído)	2.762,93 €
--	----------------------	------------

**Terceiro.-** Notifíquese o presente acordo a “Aqualia FCC-Vigo UTE”, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnaloo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(956).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA FÁTIMA”. EXPTE. 3551/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 11/09/17, dáse conta do informe-proposta de 8/09/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES DE FEITO

1. A Xunta de Goberno, en sesión de data 17.07.2017 acordou aprobar a modificación orzamentaria nº 41/2007, crédito exprotraordinario, para a aplicación do superávit, liquidación do orzamento do ano 2016 para a súa remisión ao Pleno Municipal. Na mesma se contempla a aplicación orzamentaria 1532.619.00.66 “Humanización Rúa Fátima” con un importe de 225.000 euros
2. Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 05/05/2017, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto por importe de 2.057 € para redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol de Diego Conde Rodríguez.
3. O proxecto presentado en execución do contrato, redactado polo Enxeñeiro Civís D. Diego Conde Rodríguez, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de DOUSCENTOS VINTECINCO MIL (225.000 €) e data xullo de 2017.
4. O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, con data 26/06/2017, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o Concelleiro Delegado de Fomento, con data 24/08/2017, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.
5. A actuación se desenrola na rúa Fátima ata o entronque coas rúas Pino e Norte consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir:

Previamente procederase a retirada de elementos existentes como a tala dunha arbore, desmontaxe de varanda, demolición das beirarrúas e pavimentos existentes, tanto de formigón como lousas de granito e pavimento asfáltico, e retirada de canalizacións existentes tanto de abastecemento como saneamento.

Propónse previa apertura de caixa en todo o vial, a excavación necesaria para ubicar novas instalacións de novas redes de abastecemento, cunha tubaxe de polipropileno, rede de saneamento con tubaxe de PVC, asentada sobre leito compactado, canalizacións para rede de enerxía eléctrica cunha tubaxe de prolipolino, rede de alumado público, coa súa correspondente instalación e farois.

Pavimentacións en beirarrúas a base de pavimento de lousas de granito gris alba flameado, sobre subbase de zahorra de 15 cm., de espesor e soleira de formigón de 15 cm. Zona de aparcamento a base capa de zahorra de 20 cm. e soleira de formigón con acabado pulido de 25 cm., de espesor. En zona de calzada, plantexase una capa base de zahorra artificial de 20 cm. De espesor, capa de formigón de 20 cm de espesor, e acabado asfáltico a base de rego de imprimación, rego de adherencia e capa de rodadura de MBC AC 16 SURF D 50/70 de 5 cm de espesor.

Plantexase un acabo externo colocando a sinalización vial correspondente, mobiliario composto de papeleiras, delimitadores de caucho entre o carril e zona de aparcamento e xardinaría segundo planos con diversos materiais, con rede de rego automático programado coa súa correspondente canalización soterrada.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO meses.

6. o Xefe da oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras Públicas, con data 28 de agosto de 2017 informa que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto; que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras; e que o proxecto reúne todos os requisitos esixidos polo Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos de las Administraciones Públicas.

#### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### ACORDO

Aprobar o proxecto básico e de execución de "HUMANIZACIÓN DA RÚA FÁTIMA de data xullo de 2017, redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas e Enxeñeiro Civil D. Diego Conde Rodríguez, cun orzamento base de licitación, máis IVE, de DOUSCENTOS VINTE E CINCO MIL EUROS (225.000 €) e data xullo de 2017.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente.

#### **7(957).- PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NO PROXECTO "LIFE GREEN VISION", SISTEMA DE XESTIÓN EFICIENTE DO ALUMEADO PÚBLICO A TRAVÉS DO USO DE CÁMARAS E SISTEMAS DE PROCESADO DE BAIXO CUSTE. EXPTE. 4884/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/09/17, dáse conta do informe-proposta do 12/09/17, asinado polo xefe de área de Inversións-Servizos Xerais e polo técnico superior de Recursos e Programas, conformado pola concelleira-delegada de Proxectos Estatais e Europeos e polo concelleiro-delegado de Fomento:

"I(957).- Antecedentes:

Os proxectos LIFE levarán a cabo no territorio dos Estados membros da Unión Europea. O Programa LIFE tamén pode financiar actividades fóra da UE e dos países e territorios de ultramar (PTU), a condición de que o beneficiario principal estea situado na UE e proporciónese unha forte evidencia de que as actividades que levarán a cabo fóra da UE son necesarias para lograr os obxectivos ambientais da UE e garantir a efectividade das intervencións levadas a cabo nos territorios dos Estados membros aos que se aplican os Tratados.

Ficha descritiva do proxecto:

TÍTULO: Sistema de xestión eficiente da iluminación pública a través do uso de cámaras e sistemas de procesado de baixo custo (LIFE GREEN VISION)

ORZAMENTO ESTIMADO: 960.000 €

DURACIÓN: 36 meses (xullo 2018 – xullo 2021)

PARTNERS:

Beneficiario Coordinador:

- ✓ Universidade de Vigo (Unidade de Enxeñaría Eléctrica)

Beneficiarios asociados:

- ✓ Concello de Vigo
- ✓ Concello do Porriño
- ✓ Grupo Femxa

O proxecto LIFE GREEN VISION consiste no deseño e implantación demostrativa dun sistema de xestión da iluminación de zonas públicas, neste caso a implantar nunha contorna universitaria. O sistema basearase no uso de cámaras de vídeo e sistemas de procesado de fácil implantación, e de baixo custo, baseado en software e hardware libre. O sistema proposto permitirá unha xestión eficiente das luminarias en función, ademais dos parámetros habituais (hora, iluminación crepuscular...), doutros parámetros como o nivel de transeúntes, o tráfico, o estado das luminarias, etc. Ademais, permitirá implantar outros servizos como pode ser o nivel de ocupación das prazas de estacionamento, regulación del tránsito peonil, tráfico, etc. Será unha solución demostrativa e sustentable do espazo urbano en materia de eficiencia enerxética, que incrementará a eficiencia no uso dos recursos, e implicará a actores públicos, privados, e á poboación en xeral. O sistema demostrarase en 3 tipoloxías de contorna urbana diferentes:

- ✓ Contorna residencial (Campos Universitario de Vigo)
- ✓ Contorna de centro urbano -peonil e rodado- (Concello de Vigo)
- ✓ Contorna de Polígonos Industriais (Concello do Porriño)

PRINCIPAIS OBXECTIVOS:

–Reducir o consumo eléctrico a través dun sistema de xestión intelixente e eficiente para iluminación de zonas públicas en contornas urbanas.

–Mellorar a eficiencia enerxética do sistema de iluminación grazas á redución nos tempos de detección de avarías.

–Reducir as emisións contaminantes de óxidos de nitróxeno (NOx) emitidas polos vehículos dos usuarios grazas á implantación dun sistema informativo web sobre prazas de aparcadoiro dispoñibles.

–Concienciar e sensibilizar a entidades e individuos acerca dos beneficios que vai achegar á súa cidade a instalación deste tipo de sistemas de xestión eficiente.

–Contribuír ao desenvolvemento das economías locais grazas ao aforro enerxético e económico (replicación do modelo noutros Concellos e outros ámbitos)

<b>PRESUPUESTO APROXIMADO LIFE GREEN VISION</b>							
SOCIOS	PRESUPUESTO						
	TOTAL	SUBVENCIÓN LIFE (60%)	COFINANCIACIÓN (40%)				COFINANCIACIÓN TOTAL
			2018	2019	2020	2021	
UVIGO	440.000,00 €	264.000,00 €	35.200,00 €	52.800,00 €	52.800,00 €	35.200,00 €	176.000,00 €
FEMXA	220.000,00 €	132.000,00 €	17.600,00 €	26.400,00 €	26.400,00 €	17.600,00 €	88.000,00 €
CONCELLO DE VIGO	200.000,00 €	120.000,00 €	16.000,00 €	24.000,00 €	24.000,00 €	16.000,00 €	80.000,00 €
CONCELLO DE O PORRIÑO	100.000,00 €	60.000,00 €	8.000,00 €	12.000,00 €	12.000,00 €	8.000,00 €	40.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>960.000,00 €</b>	<b>576.000,00 €</b>	<b>76.800,00 €</b>	<b>115.200,00 €</b>	<b>115.200,00 €</b>	<b>76.800,00 €</b>	<b>384.000,00 €</b>

Dende a Universidade de Vigo a través da Unidade de Enxeñaría Eléctrica, dannos traslado dunha proposta de colaboración para presentar un proxecto á convocatoria 2017 do programa LIFE+ 2014-2020 da Comisión Europea.

En relación o obxecto do proxecto, debemos referirnos que o Concello de Vigo, ven desenvolvendo cun alto grado de sensibilidade moitas accións vinculadas o fomento da utilización da eficiencia enerxética, neste sentido debemos destacar entre outros moitos asuntos o impulso dado nestes últimos 8 anos no desenvolvemento dunha cidade intelixente e sostible, marcando o camiño para unha cidade innovadora, buscando a mellora da calidade de vida dos seus veciños velando polo medio ambiente..

No desenvolvemento destas accións o Concello de Vigo membro da “REDE DE CIDADES INTELIXENTES, traballa día a día no compromiso do Goberno Local, para o fomento das actuacións estratéxicas que sirvan de impulso os procesos de mellora da eficiencia enerxética, polo cal, considerase adecuado que o Concello de Vigo aprobe a proposta PARTICIPACIÓN NO PROXECTO “LIFE GREEN VISION”, SISTEMA DE XESTIÓN EFICIENTE DA ILUMINACIÓN PÚBLICA A TRAVÉS DO USO DE CÁMARAS E SISTEMAS DE PROCESADO DE BAIXO CUSTO.

#### II(957).- Proposta de participación do Concello de Vigo.

Tal como indica a memoria que se adxunta o presente expediente a participación do Concello de Vigo establececese como “Beneficiario asociado”, e de acordo co proxecto orzamentario en relación o mesmo, o seu compromiso establececese de acordo os seguintes parámetros:

Período de execución: 36 meses (xullo 2018 – xullo 2021)

O desenvolvemento do PROXECTO “LIFE GREEN VISION”, SISTEMA DE XESTIÓN EFICIENTE DA ILUMINACIÓN PÚBLICA A TRAVÉS DO USO DE CÁMARAS E SISTEMAS DE PROCESADO DE BAIXO CUSTO, atoparase supeditado a aprobación da subvención europea que se solicita ao efecto, e a súa posterior aceptación, e a mesma de ser aprobada se desenvolverá no seguinte marco orzamentario máximo:

Orzamento estimado do proxecto: :	960.000,00 €
Parte correspondente ao Concello de Vigo:	200.000,00 €
Subvención LIFE (max 60%):	120.000,00 €
Aportación máxima do Concello:	80.000,00 €

Distribución en anualidades:

2018	2019	2020	2021
20%	30%	30%	20%
16.000,00 €	24.000,00 €	24.000,00 €	16.000,00 €

#### CATEGORÍAS DE GASTO ELEGIBLES

- ✓ Gastos directos de persoal
- ✓ Gastos de viaxe e manutención
- ✓ Gastos de asistencia externa (subcontratacións) -máximo 35% do orzamento-
- ✓ Gastos de infraestrutura (só a depreciación) -máximo 25% do custo real-
- ✓ Gastos de equipamento (só a depreciación) -máximo 25% do custo real-
- ✓ Gastos de prototipos
- ✓ Gastos de consumibles (específicos do proxecto)
- ✓ Outros gastos (auditorías, traducións, materiais de difusión, etc.)
- ✓ Gastos xerais (indirectos) -máximo 7% do orzamento total-

Como beneficiario asociado o Concello de Vigo participará no proxecto baixo a coordinación do beneficiario coordinador. Será responsabilidade do beneficiario coordinador recibir fondos da subvención solicitada e distribuír os importes correspondentes á participación dos beneficiarios na acción. Así mesmo como beneficiario asociado comprométese a establecer todos os mecanismos para colaborar ao desenvolvemento do proxecto e cumprir cos apartados que lle corresponden na execución do proxecto. Ademais deberá achegar todos os documentos e informes xustificativos da execución das accións encomendadas.

En base a todo o exposto, a presente memoria desenvolve os fundamentos do PROXECTO "LIFE GREEN VISION", SISTEMA DE XESTIÓN EFICIENTE DA ILUMINACIÓN PÚBLICA A TRAVÉS DO USO DE CÁMARAS E SISTEMAS DE PROCESADO DE BAIXO CUSTO. A vista do contido da memoria propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a participación do Concello de Vigo como "beneficiario asociado", no PROXECTO "LIFE GREEN VISION", SISTEMA DE XESTIÓN EFICIENTE DA ILUMINACIÓN PÚBLICA A TRAVÉS DO USO DE CÁMARAS E SISTEMAS DE PROCESADO DE BAIXO CUSTO, coa participación das seguintes entidades:

Beneficiario Coordinador:

- ✓ Universidade de Vigo (Unidade de Enxeñaría Eléctrica)

Beneficiarios asociados:

- ✓ Concello de Vigo

- ✓ Concello do Porriño
- ✓ Grupo Femxa

O citado proxecto atoparase supeditado a aprobación da subvención europea que se solicita ao efecto, e a súa posterior aceptación, e a mesma de ser aprobada se desenvolverá no seguinte marco orzamentario máximo, para o cal se desenvolverán as oportunas operacións de crédito para atender a ditos compromisos:

Orzamento estimado do proxecto: :	960.000,00 €
Parte correspondente ao Concello de Vigo:	200.000,00 €
Subvención LIFE (max 60%):	120.000,00 €
Aportación máxima do Concello:	80.000,00 €

Distribución en anualidades da participación do Concello de Vigo:

2018	2019	2020	2021
20%	30%	30%	20%
16.000,00 €	24.000,00 €	24.000,00 €	16.000,00 €

Segundo: Nomear responsable do PROXECTO "LIFE GREEN VISION", SISTEMA DE XESTIÓN EFICIENTE DA ILUMINACIÓN PÚBLICA A TRAVÉS DO USO DE CÁMARAS E SISTEMAS DE PROCESADO DE BAIXO CUSTO a efectos de coordinación, seguimento, e notificacións oficiais ao 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, D. David Regades Fernández."

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(958).- PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NO PROXECTO "PREVERADON", A PRESENTAR POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA Á CONVOCATORIA "LIFE+2017", COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL, FEDER. EXPTE. 4885/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/09/17, dáse conta do informe-proposta do 12/09/17, asinado polo xefe de área de Inversións-Servizos Xerais e polo técnico superior de Recursos e Programas, conformado pola concelleira-delegada de Proxectos Estatais e Europeos e polo concelleiro-delegado de Fomento:

"I.- Antecedentes:

Dende a Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra, dannos traslado dunha proposta de colaboración para presentar un proxecto á convocatoria 2017 do programa LIFE+ 2014-2020 da Comisión Europea.

O obxectivo do programa LIFE+ 2014-2020 é catalizar os cambios no desenvolvemento e na aplicación das políticas, mediante a achega de solucións e mellores prácticas, para acadar os obxectivos medioambientais e climáticos derivados do Programa xeral de medio



ambiente da Unión Europea, ata 2020. O orzamento desta convocatoria é de 373.145.000 euros e a porcentaxe de cofinanciamento con cargo aos fondos FEDER é do 60 %.

Nesta liña, desde a Deputación de Pontevedra, nos presentan un proxecto cuxo obxectivo é abordar a problemática do gas radón a través de medidas que contribúan a diminuír o risco potencial para a cidadanía. O gas radón é un compoñente radioactivo contaminante e causante dun incremento substancial da porcentaxe de poboación afectada polos diferentes procesos canceríxenos, principalmente de pulmón, e que, como demostraron diferentes estudos, está presente nos concellos da provincia de Pontevedra, cun nivel de risco potencialmente elevado.

Debido á potencial influencia que este gas ten sobre a saúde da poboación, e polo carácter piloto e experimental deste proxecto, é fundamental a implicación e a participación do Concello que vostede preside. Para isto debe cubrir o Acordo de participación (anexo I) desta comunicación.

En caso de que este proxecto sexa aprobado, os concellos que participen nel beneficiaranse sen custo económico da realización dos seguintes actividades:

- Análise do estado dos edificios públicos municipais desde a perspectiva da presenza ou acumulación de niveis excesivos de gas radón. En caso de detectarse a presenza de niveis superiores aos recomendados pola Directiva europea 2013/59/EURATOM, publicada no BOE 183, propoñeráse unha serie de medidas para aplicar sobre estas instalacións que permitan reducir estes valores.
- Identificación dos postos de traballo que, debido ás súas características, presenten riscos potenciais para o persoal por acumulación de gas radón, en cumprimento da normativa estatal vixente (Instrución IS-33 de 21 de decembro de 2011, publicada no BOE 22). Nestes casos estimaranse os niveis e propoñeráse as medidas reductoras cando os valores observados se encontren por encima das recomendacións da OMS.
- Identificación e análise do estado da auga potable destinada ao consumo humano no municipio respecto aos seus niveis de radioactividade, en especial ao radón disoluto. Determinarase se estes valores están dentro dos límites establecidos nas normativas nacionais e europeas aplicables. De detectárense valores superiores aos recomendados, propoñeráse medidas que permitan reducir estes limiares máximos para a saúde das persoas.

En todos os casos as medidas que se aplicarán serán estudadas e acordadas cos concellos afectados, e nesta caso polo propio Concello de Vigo, comprometéndose a aplicación das accións paliativas que se determinen. Posteriormente serán seleccionados dous concellos de entre os participantes no programa para a posta en marcha no seu termo municipal do programa piloto, cuxo obxectivo será testar o resultado das medidas paliativas para reducir as concentracións de gas radón, segundo as recomendacións e a normativa en vigor actualmente.

En relación a participación coa Deputación Provincial de Pontevedra de outras administracións, a solicitude da incorporación e colaboración atopase dirixida a diversos Concellos e de forma específica ao Concello de Vigo.

En relación o obxecto do proxecto, debemos referirnos que o Concello de Vigo, ven desenvolvendo cun alto grado de sensibilidade moitas accións vinculadas as melloras medioambientais e neste sentido debemos destacar entre outros moitos asuntos o impulso dado nestes últimos 8 anos no desenvolvemento dunha cidade sostible e con maior grado de protección do medio ambiente, marcando o camiño para unha cidade que busca mellorar a calidade de vida dos seus veciños velando polo medio ambiente.

Tal como indica a memoria recibida da Deputación Provincial de Pontevedra os concellos que participen nel beneficiaranse sen custo económico.

No desenvolvemento destas accións o Concello de Vigo, traballa día a día no compromiso do Goberno Local, para o fomento das actuacións estratéxicas que sirvan de impulso os procesos de mellora medioambiental, polo cal, considerase adecuado que o Concello de Vigo aprobe a proposta PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NO PROXECTO PREVERADON A PRESENTAR POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA Á CONVOVATORIA LIFE + 2017, COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL FEDER.

#### II.- Proposta de participación do Concello de Vigo.

Tal como indica a memoria recibida da Deputación Provincial de Pontevedra os concellos que participen nel beneficiaranse sen custo económico.

En base a todo o exposto, a presente memoria desenvolve os fundamentos do PROXECTO PREVERADON A PRESENTAR POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA Á CONVOVATORIA LIFE + 2017, COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL FEDER.. A vista do contido da memoria propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a proposta da Deputación Provincial de Pontevedra para a PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NO PROXECTO PREVERADON A PRESENTAR POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA Á CONVOVATORIA LIFE + 2017, COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL FEDER."

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **9(959).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DUN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO, PARCELAS 28-29, PLAN PARCIAL QUIRÓS. EXPTE. 4639/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 12/09/17, e o informe de fiscalización do 13/09/17, dáse conta do informe-proposta de 13/09/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o

xefe da Área de Inversións, o concelleiro delegado da Área de fomento e o concelleiro delegado da Área de Deportes, que di o seguinte:

No proceso de tramitación do expediente, con data 8 de setembro por parte da xefa do servizo de contratación procedeuse a corrixir as FEC do PCAP, de acordo co exposto na dilixencia da mesma data. Así mesmo con data 12 de setembro emitise informe da Titular da Asesoría Xurídica os efectos da comprobación dos cambios efectuados de acordo coa citada dilixencia.

Atendendo as citadas actuación procede a emisión dun novo informe proposta para a aprobación do expediente, de acordo co seguinte contido:

#### I.- ANTECEDENTES

1º.- En relación a esta rede de instalacións deportivas, os últimos estudos realizados no Concello de Vigo propoñen como actuación prioritaria mellorar a distribución territorial con algún novo pavillón polideportivo. Polo cal do análise territorial, e dos estudos da demanda deportiva do Concello de Vigo, se deriva unha importante demanda deportiva no ámbito da parroquia de SARDOMA, xa que na mesma non se atopa ningunha instalación de titularidade municipal do tipo "pavillón polideportivo cuberto".

2º.- No ámbito do Plan Parcial QUIROS, o Concello de Vigo conta con pleno dominio sobre dúas parcelas "PARCELA 28. REF. CATASTRAL: 4044201NG2744S, PARCELA 29. REF. CATASTRAL: 4044202NG2744S", catalogadas como de uso PUBLICO DOTACIONAL, e de forma específica a parcela 28 de uso "equipamento social" e a parcela 29 de uso "Docente". Atópase en trámite na Xerencia Municipal de Urbanismo o cambio de uso dotacional, de dotacional educativo a dotacional deportivo. O citado expediente xa foi incoado por resolución da Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo do 26.06.2017, dándose conta ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 29-06.2017.

3º.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2016 recolle a aplicación orzamentaria partida 3410.227.06.01 Redacción de proxectos e Dirección Obras e Instalacións Deportivas cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado a nivel de bolsa de vinculación.

4º- No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a)** Decreto de delegación do Alcalde-Presidente no Concelleiro de Fomento.
- b)** Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e o Xefe de Área de Inversións en data 15 de maio de 2017.
- c)** Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 22.05.2017.
- d)** Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e o Xefe da Oficina de Supervisión de proxectos en data 30.05.2017.

- e) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 09.06.2017, e dilixencia de data 08.09.2017 para a modificación das FEC.
- f) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares definitivo, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 08.09.2017, de acordo coa dilixencia da mesma data.
- g) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 05.07.17 sobre o PCAP de data 04 de xullo de 2017, e informe de data 12.09.2017 no cal indicase que comprobados unicamente os aspectos sinalados na dilixencia do servizo de contratación de data 08.09.2017, constátase que son axustes que non afectan ao contido do informe xa emitido, polo que dito informe xurídico de 4 e 5 de xullo debe entenderse acaído ao PCAP asinado o 8/9/2017

## II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

**Terceiro.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

**Quinto.-** No expediente xustifícase o procedemento elexido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e no presente expediente de acordo ao carácter estandarizado do subministro, estímase como único criterio de adxudicación o prezo ofertado polo licitador, que determinarase en función dos porcentaxes de descontos ofertados, de acordo coas fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

**Sexto.-** A Asesoría Xurídica emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

**Sétimo.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria a da Redacción do proxecto de execución das obras dun pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas 28 e 29 do Plan Parcial Quirós.

Segundo: Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e o Xefe da Oficina de Supervisión de proxectos en data 30.05.2017.

Terceiro: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 08.09.2017.

Cuarto: Autorizar o gasto por importe de de 100.350,62€ (IVE engadido), dos que o importe correspondente ao IVE é de 17.416,22 €, polo que prezo sen IVE é de 82.934,40 €.

O valor estimado do contrato estipúlase en 82.934,40€ EUROS.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 3410.227.06.01 Redacción de proxectos e Dirección Obras e Instalacións Deportivas.

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez